

OUT
NOV
DEC
2020

TEATRO PRINCIPAL E
PAZO DA CULTURA
PONTEVEDRA

PON TEA TRO



22OUT Vida de cans

TALÍA TEATRO
TEATRO PRINCIPAL | 21.00 H

Tres actores
Tres cans
Ou tres actores que fan de can
Sen deixar de ser actores
Sen deixar de ser cans
Están reducidos nun recinto que lles preparou o seu amo
Moi grande, moi cómodo, moi ameno, moi limpo...
pero recinto...

Unha comedia de Cándido Pazó na que se xoga co concepto de liberdade e sobre a reflexión de onde están os límites.

+ INFO:
www.pazodacultura.org

VENDA ANTICIPADA:
www.ataquilla.com



12NOV Falar por falar

VOLTA E DÁLLE TEATRO
TEATRO PRINCIPAL | 21.00 H

Un actor do medio rural e un dramaturgo da contorna urbana confrontan, en clave retranqueira, as súas vivencias e reflexións arredor da lingua galega.

A través do relato autobiográfico, da escenificación satírica de episodios históricos, de cantigas medievais e pezas do repertorio folk ou rock, os actores desafían ao público a unha viaxe humorística pola realidade viva da lingua. E faise esta viaxe na procura dunha visión liberada de prexuízos e idealizacións na busca de desentrañar un chisco os enigmas dese falar por falar que ven sendo toda lingua.

+ INFO:
www.pazodacultura.org

VENDA ANTICIPADA:
www.ataquilla.com



26NOV #camiños

BUTACAZERO
TEATRO PRINCIPAL | 21.00 H

Carolina viaxa cara aos Estados Unidos. Daiana, a bisneta dunha emigrante galega, vén da Argentina. Comparten asento no aeroporto. Entre elas, milleiros e milleiros de #camiños.

Camiños que unen as aldeas coas cidades. Os poemas de Rosalía coa música electrónica. O spinning co churrasco. As fotos viradas sepias coas que acabamos de colgar no Facebook.
Camiños que unen o que fomos co que desexamos ser.

+ INFO:
www.pazodacultura.org

VENDA ANTICIPADA:
www.ataquilla.com



03DEC O meu mundo non é deste reino

TEATRO DA RAMBOIA
TEATRO PRINCIPAL | 21.00 H

Uns feirantes chegan ao que chaman fogar logo dun día de traballo. Son Camilo e Tomás, dous titiriteiros que levan o mesmo espectáculo unha e outra vez polas vilas do país. Carretan ás costas un enorme tutillimundi. A disxuntiva de abrirlo convérteo nunha Caixa de pandora latente.

A peza é unha adaptación da Farsa de Bululu de Manuel María, unha parodia da ditadura franquista. A recuperación do título orixinal da obra serve para proxeitar este laio silenciado no seu día. Hoxe, encabeza o espectáculo de novo para facer fronte a un pasado que insiste en repetirse.

+ INFO:
www.pazodacultura.org

VENDA ANTICIPADA:
www.ataquilla.com



10|11|12|13DEC Fariña

AINE, UNDODEZ, OQUETEÑO MEDIA
PAZO DA CULTURA (8 PASES)

Xov 10 | 18.00 h e 22.00 h
Ven 11 | 18.00 h e 22.00 h
Sáb 12 | 18.00 h e 22.00 h
Dom 13 | 17.30 h e 21.30 h

Adaptación da exitosa obra de Nacho Carretero sobre a historia do narcotráfico en Galicia nas últimas décadas do século XX. Fariña non permite ao espectador nin acomodarse na butaca.

Todo cabe sobre un escenario que recolle un percorrido fiel por este escuro capítulo da nosa historia desde un punto de vista único. Unha viaxe no tempo desde unha óptica próxima, real e familiar, coa sensación final, e a reflexión que o espectador fai ao saír do teatro, chegando a adquirir unha eficacia inédita.

+ INFO:
www.pazodacultura.org

VENDA ANTICIPADA:
www.ataquilla.com

PON
TEA
TRO

Venda anticipada en www.ataquilla.com

DE NON ESGOTARSE, venda de entradas na **billeteira do Teatro Principal de 19.00 h a 20.00 h os días de función**, e na **billeteira do Pazo da Cultura de 18.00 h a 20.00 h os días de función**.

Prezo por función **8,00 €** - Estudiantes, parados e xubilados **4,00 €** (Excepto Fariña: **18,00 €-22,00 €**)

As entradas de prezo reducido pódense comprar por medios telemáticos, pero só se poden retirar na billeteira acreditando a condición de beneficiario.

Este programa é meramente informativo e a programación pode sufrir variacións por causas alicas a organización.

Consulta a información actualizada na web do Pazo: www.pazodacultura.org

Promove:
PAZO DA CULTURA
CONCELLO DE PONTEVEDRA

As actividades (excepto as funcións de FARIÑA) contan co apoio económico de:

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS
galicia o bo camino
Xacobeo 2021

AGADIC
XUNTA DE GALICIA